

A Concellaría de Normalización Lingüística  
organiza o **PASEO LITERARIO  
VERNE**



**Día 13 de maio de 2017 (sábado) 11.00**  
**Saída na rotonda do Castro (entrada á**

**fortaleza):** Visita á fortaleza do Castro e comentarios sobre a batalla de Rande e a visita do Nautilus á ría de Vigo o 18 de febreiro de 1868 para rescatar os tesouros. Jules Verne subía a este outeiro todos os días nas súas dúas visitas a Vigo.

**Monumento aos galeóns.** Comentarios sobre como as sucesivas operacións de rescate dos galeóns de Rande inspiraron a Verne para escribir '20.000 leguas baixo dos mares'

**Castelo de San Sebastián-Casco Vello.** Comentarios de Leticia Costas sobre os escenarios da súa novela. Lecturas de "Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta".

**Rúa Sombreiroiros e praza da Constitución.** Comentarios sobre a novela e os seus escenarios. Comentarios sobre as dúas visitas de Verne a Vigo e os espazos que visitou

**Edificio da Metalúrxica (r. García Barbón).** Leticia Costas fala sobre Antonio Sanjurjo Badía, propietario da fábrica La Industriosa. Comentarios sobre o submarino e sobre se Verne e Sanjurjo chegaron a coñecerse.

**Regreso cara ás Avenidas.** Parada nos peiraos para comentar a chegada de Verne a bordo do seu iate 'Saint Michel III'

**Remate no monumento a Jules Verne.** Remate da actividade no monumento a Jules Verne e foto de familia cos participantes.

Duración: **2 horas** (Levar calzado cómodo)

*Condições da inscrición:*

*-A inscrición farase enviando un correo electrónico a [actividades.snl@vigo.org](mailto:actividades.snl@vigo.org) (co seu nome completo e teléfono). Poñer no asunto do correo: paseo Verne*

*-Prazo: dende o día 10 de maio -ás 9:00- e ata o 12 de maio -ás 9:00-*

*-A inscrición será exclusivamente a través deste correo electrónico e ata completar as prazas por rigorosa orde de entrada do correo*

*-A concellaría contestará a cada correo electrónico se están admitidos/as ou non, e serán as persoas que SI teñan praza*

*-As solicitudes que se realicen con anterioridade ao inicio do prazo de inscrición non serán tidas en conta*

*-As solicitudes de inscrición que non conteñan todos os datos solicitados non serán tidas en conta*

*-Cada solicitante poderá inscribir ata un máximo de 4 persoas*